

2019

MAIOS

O maio está a chegar
con coplas e máis cantigas;
convidamos a cantar
rapaces e xente *antiga*.

Estamos en primavera,
a máis fermosa estación;
coas nosas coplas sinceras
que nos enchen de emoción.

Sorrisos e gargalladas
traemos os do instituto,
viva a festa rachada,
arriba o caldo con unto.

O tempo de claro a escuro
parece que toleou,
ao longo do último século
o clima moito cambiou.

Este asunto é preocupante
coma os plásticos no mar;
as praias que temos diante
poñámonos a limpar.

Visitamos un acuario
e atopamos moitos peixes
extintos, contaminados...
ti decides se os protexes.

Houbo eleccións en abril
e en maio outras haberá;
se menor de idade es ti
non che permiten votar.

Rapaces de dezaseis
sabemos xa de política,
coa cabeza ou cos pés
somos xente que opina.

Hai cen anos en Xuvia
a pedradas andaban,
as mulleres baixo a chuva
contra as balas loitaban.

Foi a Revolta das Pedradas
que con mortes rematou;
hoxe a folga é máis doada,
dereitos ninguén regalou.

Chega axiña Eurovisión,
coa *Venda* participamos;
é o título da canción
a ver cal é o resultado.

O Barça campión de liga
despediu a Luis Enrique;
mentres Messi aí siga
gañará ata a *Champion Ligue*.

Nós ó celtiña apoiamos
pois disputa en primeira;
lago Aspas animamos,
somos as súas siareiras.

Eu fágome unhas *kills*
no *Pug* e no *Fornite*
pra poderme divertir
mentres que teño a gripe.

Queremos o noso móbil
para xogar ao *brawl stars*,
o único que necesitamos
e un cinco para aprobar.

Supertux está de moda,
é un xogo que nos mola,
cando xogamos con el
pásanos moi pronto a hora.

Agora imos estudar
para pasar a segundo
pois queremos aprobar
e non seguir dando tumbos.

Os maios son tradición
que os avós xa celebraban
saían as rúas con ilusión
ó son dos cartos na lata.

Imos pedir logo os maios
polas casas dos veciños,
imos todos coma raios
non nos quede a quen pedirlos.

*Déano-lo maio, señores cabaleiros
se non teñen maio, déannos diñeiro.
E vívhe-lo maio, e víchelo ben,
agora xa se foi ato o ano que vén.*

IES de Mugardos



Alumnado de 1.º ESO
Curso 2018-2019